

Anuncio

A Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o 22 de outubro de 2014, aprobou a forma de adxudicación mediante procedemento aberto para **A CONTRATACION DO SERVIZO DE APERTURA E ATENCIÓN Ó PÚBLICO DOS MUSEOS MUNICIPAIS: CENTRO DE INTERPRETACIÓN DA MURALLA, MUSEO INTERACTIVO DA HISTORIA DE LUGO, DOMUS DOS MOSAICOS, DOMUS DO MITREO, SALA DE EXPOSICIÓNS PORTA MIÑÁ E CENTRO ARQUEOLÓXICO DE SAN ROQUE**

Por medio deste anuncio dáse a coñece-la licitación conforme as seguintes características:

1.- Entidade adxudicadora.

a) **Organismo:** Excmo. Concello de Lugo.

b) **Dependencia que tramita o expediente:** Servizo de Contratación e Patrimonio.

2.- Obxecto do contrato.

a) **Descrición do obxecto:** Realización dun servizo de apertura e atención ao público da Oficina Municipal de Turismo e do seis museos municipais: Centro de Interpretación da Muralla, Museo Interactivo da Historia de Lugo (MIHL), Casa dos Mosaicos, Domus do Mitreo, Sala de exposicións Porta Miñá e Centro Arqueolóxico de San Roque

b) **Prazo de execución:** UN ANO dende a súa formalización do contrato e poderá ser obxecto de prórroga por un período máximo de un ano por mutuo acordo das partes adoptado con anterioridade ó remate do prazo inicial de vixencia, sen que a duración total do contrato, incluídas as prórrogas, poida exceder de DOUS ANOS.

3.- Tramitación, procedemento e forma de adxudicación.

a) **Tramitación:** ordinaria

b) **Procedimientto:** aberto

4.- Tipo de licitación.

O valor estimado do contrato tendo en conta o importe de licitación excluído o IVE e a posible prórroga ascende a 518.871,24 euros.

Ver cláusula cuarta do prego de cláusulas administrativas

5.- Obtención de documentación e información.

a) **Entidade:** Concello de Lugo, Servizo de Contratación e Patrimonio

b) **Domicilio:** Ronda da Muralla, 197.

c) **Localidade e c.p.:** Lugo, 27002

d) **Teléfonos:** (982) 29-73-01, 29-71-44

e) **Telefax:** (982) 29-72-59.

f) **Dirección internet:** www.lugo.es (Zona de servizos: pertil do contratante)

g) **Data límite de obtención de documentos e información:** Ata o remate do prazo de presentación de proposicións.

6.- Garantías: Definitiva: 5% do importe de adxudicación excluído o IVE

7.- Requisitos específicos do contratista.

a) **Clasificación:** grupo L, subgrupo 6, categoría b).

b) **Outros requisitos:** Os sinalados nos pregos de condicións

8.- Presentación de ofertas ou das solicitudes de participación.

a) **Data límite de presentación:** 15 días naturais contados a partires da data de publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. No caso de que o último día coincidise en sábado ou festivo, prorrogarase ata o seguinte día hábil.

b) **Documentación que hai que presentar:** A que figura na cláusula novena do prego de cláusulas administrativas particulares.

c) **Lugar de presentación:**

1ª **Entidade:** Concello de Lugo, Oficina de Rexistro ou ben nos lugares establecidos nos pregos

2ª **Domicilio:** Ronda da Muralla, 197

3ª **Localidade e c.p.:** Lugo, 27002

d) **Prazo durante o cal o licitador estará obrigado a mante-la súa oferta (concurso):** 2 meses.

9.- Apertura das ofertas.

a) **Entidade:** Centro de Servizos Municipales

b) **Domicilio:** Ronda Muralla 197- 3ª planta

c) **Localidade:** Lugo

d) **Data:** ó segundo día natural ó remate do prazo de presentación de proposicións. Se dito día coincidise en sábado ou festivo a apertura realizarase ó seguinte día hábil. O devandito prazo ampliarase, no caso de ser necesario, ata o undécimo día, no suposto de recibirse regulamentariamente o aviso de presentación das proposicións por correo.

10.- Outras informacións: As que se recollen no prego de condicións.

11.- Gastos dos anuncios: 157,78 euros que serán por conta do contratista adxudicatario.

Lugo, 30 de outubro de 2014 O ALCALDE, P.D. A OITAVA TENETE DE ALCALDE POR SUPLENCIADA TITULAR DA ÁREA DE ECONOMÍA, EMPRENDEMENTO, AUTÓNOMOS E EDUCACIÓN. Asdo: Rosana Rielo Rozas

R. 4265

PANTÓN

Anuncio

Aprobado inicialmente polo Pleno desta Corporación en sesión ordinaria celebrada o día 29 de outubro de dous mil catorce o expediente de modificación de crédito 13/2014, subexpediente de transferencia de crédito nº 05/14, dentro do vixente Presuposto por importe de 53.000 € (cincuenta e tres mil euros)

Por medio do presente expónse ó público o expediente de modificación de crédito antedito, polo prazo de quince días hábiles, contados a partir do seguinte á publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, a efectos de que os interesados poidan examinalos e presentalas reclamacións ou alegacións que estimen pertinentes, de conformidade co disposto nos artigos 169, do RDLex 2/2004, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, e art. 38 e 42 en relación cos artigos 20 e 22 do R.D. 500/1990, do 20 de abril.

En Pantón, a 30 de outubro de 2014.- O Alcalde, José Luis Alvarez Blanco.

R. 4230

O VALADOURO

Anuncio

En cumprimento do artigo 169.1, por remisión do 177.2, do Real decreto 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, xa que non se presentaron alegacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o acordo plenario adoptado na sesión ordinaria celebrada o día 26 de setembro de 2014, sobre o expediente de modificación de créditos número 12/2014 do orzamento en vigor, na modalidade de suplemento de crédito financiado mediante anulacións ou baixas de créditos doutras partidas do Orzamento vixente non comprometidas.

Asimesmo faise público que despois do mencionado expediente, o resumo por capítulos do estado de gastos do orzamento do Concello de O Valadouro correspondente ó exercicio económico de 2014 queda como segue:

Capítulo	Descrición	Consignación antes expediente	Consignación despois do expediente
1	Gastos de persoal	637.872,54 €	621.872,54 €
2	Gastos en bens correntes e servizos	790.091,79 €	790.091,79 €
3	Gastos financeiros	1.250,00 €	1.250,00 €
4	Transferencias correntes	47.631,68 €	47.631,68 €
6	Inversións financeiras	613.966,78 €	613.966,78 €
7	Transferencias de capital	15.425,09 €	31.425,09 €
8	Activos financeiros	7.000,00 €	7.000,00 €
TOTAL		2.113.237,88 €	2.113.237,88 €

Contra este acordo que pon fin á vía administrativa, en virtude do disposto no artigo 171 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, os interesados poderán interpoñer directamente un recurso contencioso-administrativo, na forma e prazos establecidos nos artigos 25 a 42 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición.

Sen prexuízo disto e consonte o establecido no artigo 171.3 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, a interposición dese recurso non suspenderá por si soa a efectividade do acto ou acordo impugnado.